

BASES DA CAMPAÑA “AGARIMOS NO COMERCIO LOCAL” 2026

1.- ORGANIZADORA E OBXECTO DO CONCURSO:

A Asociación de Comerciantes da Estrada (máis adiante “a Organizadora”) con CIF G36310076 e domicilio social Rúa Ulla nº 4 A Estrada CP:36680 (Pontevedra), decidiu poñer en marcha a presente acción para a promoción das VENDAS na denominada campaña: “Agarimos no comercio local”

2.- ÁMBITO TEMPORAL E TERRITORIAL

A campaña desenvolverase entre os días **5 e 30 de xuño**, ambos inclusive. A acción promocional levará a cabo no municipio da Estrada.

3.- LEXITIMACIÓN PARA PARTICIPAR

Poderán participar todas as persoas maiores de idade que realicen compras nos establecementos asociados á ACOE durante o período da campaña.

4.- MECÁNICA DO SORTEO E PARTICIPACIÓN

Os clientes poderán obter un cartón de participación nos puntos de distribución habilitados para a campaña.

- Cada cartón contará con seis espazos destinados a selos.
- Por cada compra realizada, o establecemento poderá estampar un selo no cartón do cliente.
- Non é necesario completar os seis espazos do cartón para participar. Os clientes poderán acudir á ruleta e realizar tantas tiradas como selos válidos teñan conseguidos.
- Para que os selos sexan válidos, deberán corresponder a establecementos diferentes.
- Cada selo válido dará dereito a unha participación na ruleta de premios.
- Cada cartón permitirá un máximo de seis participacións.
- Permítese a participación con varios cartóns por participante. Non obstante, os selos deberán corresponder sempre a establecementos diferentes, non podendo utilizarse un mesmo comercio máis dunha vez por un mesmo participante, nin dentro do mesmo cartón nin en cartóns distintos.

5.- RULETA DE PREMIOS

- ✓ A ruleta de premios celebrarase os días **29 e 30 de xuño**, diante da sede da ACOE.
- ✓ O horario será de **10:00 a 14:00 horas e de 16:30 a 20:30 horas**.
- ✓ Os participantes deberán presentar o cartón para validar os selos obtidos.
- ✓ Os premios entregaranse no momento da participación.

6.- PREMIOS

Entre os premios da campaña poderán atoparse bolsas, gorras, camisetas, palas de praia, xogos de madeira e altosfalantes.

Os premios entregaranse de forma directa mediante a participación na ruleta e estarán dispoñibles ata esgotar existencias.

Os premios non poderán ser trocados polo seu valor en metálico nin por outros produtos.

7.- RESPONSABILIDADE DA ORGANIZADORA

A Organizadora non será responsable dos atrasos na entrega do premio por motivos alleos á súa vontade e, por circunstancias excepcionais de forza maior que puidesen impedir aos gañadores o gozar do mesmo.

A Organizadora queda exonerada, de calquera responsabilidade que puidese derivar do incumprimento ou cumprimento defectuoso polos participantes no sorteo das presentes Bases.

8.- DEREITO DE EXCLUSIÓN

A organizadora resérvase o dereito de verificar a validez dos cartóns presentados e de anular aqueles que presenten indicios de manipulación, falsificación ou incumprimento destas bases.

Así mesmo, a organización poderá modificar aspectos organizativos da campaña cando concorran causas xustificadas que o fagan necesario.

9.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E DA IMAXE

A empresa organizadora poderá publicar nos medios que considere oportunos imaxes da campaña e os participantes, salvo manifestación expresa en contrario, que deberá presentar á Organizadora por escrito á dirección na dirección Rúa Ulla nº 4 A Estrada CP:36680 (Pontevedra) de conformidade co que dispón a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámoslle que os seus datos serán incorporados nun ficheiro titularidade de ACOE, ante a que poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

10.- APLICACIÓN DAS BASES.

A participación nesta campaña implica a aceptación íntegra das Bases e a submisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a Organizadora. A Organizadora resérvase a facultade de prorrogar a duración da campaña, así como de suspendela ou poñerlle fin de forma anticipada, e tamén de modificar e/o engadir anexos sucesivos sobre estas Bases, se así o estimase conveniente. As modificacións e/o anexos deberán publicarse de forma que todos os participantes teñan acceso a dita información.